

UNIVERSIDADE  
DE VIGO

### LISTA DE ASISTENTES

Bravo Bernárdez, Jorge  
Carballo González, Ángeles  
De los Bueis Mellado, Jorge  
Fernández Fernández, Federico  
Fernández Iglesias, Manuel José  
Ríos Santomé, M<sup>a</sup>. José  
Valderrama Santomé, Mónica  
Valeije Álvarez, Inmaculada  
Vázquez García, Antonio  
**DESCULPA ASISTENCIA**  
Hernández Martín, Primo  
Vaquero Díaz, Beatriz

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, do día 22 de outubro de dous mil doce, convocada para as 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda nas salas de videoconferencia dos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.

O día **22 de outubro de 2012**, ás 10:30 horas, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaria Xeral, da resolución das reclamacións sobre posibles exclusións da proclamación provisional de candidaturas ou corrección de erros e defectos nas eleccións de membros do Consello de Campus de Ourense e Pontevedra.
2. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaria Xeral da proclamación definitiva de candidaturas nas eleccións de membros do Consello de Campus de Ourense e Pontevedra.
3. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaria Xeral do sorteo da letra pola que debe comezar a relación de candidatos e candidatas nas papeletas nas eleccións de membros do Consello de Campus de Ourense e Pontevedra.
4. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaria Xeral da elaboración das papeletas para as eleccións de membros do Consello de Campus de Ourense e Pontevedra.
5. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaria Xeral, da resolución das reclamacións á proclamación provisional de candidatas e candidatos electos nas eleccións de membros do Consello de Campus de Ourense e Pontevedra.
6. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaria Xeral da proclamación definitiva de candidatas e candidatos electos nas eleccións de membros do Consello de Campus de Ourense e Pontevedra.
7. Rolda libre de intervencións.
8. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria de data 22 de outubro de 2012.

### **Puntos 1, 2, 3, 4, 5 e 6.**

O presidente da Comisión Electoral toma a palabra e expón que os Estatutos establecen que nos campus existirán consellos de campus, que serán os órganos colexiados de representación e coordinación do campus. Na súa composición haberá 5 estudantes, elixidos por e entre os claustrais do mesmo sector e campus e que serán elixidos por un período de dous anos.

Continúa dicindo que se convocaron eleccións de estudantes a membros dos consellos de campus de Ourense e Pontevedra o día 23 de novembro de 2010, e o día 17 de novembro do ano 2011 se convocaron de novo eleccións en Pontevedra, xa que este órgano quedouse sen representación de estudantes.

Dado que xa transcorreron 2 anos dende as últimas eleccións e que este ano houbo novas eleccións de estudantes a membros do Claustro Universitario, cuxa proclamación definitiva efectuouse o día 3 de maio de 2012, procedeuse o pasado día 18 de outubro a convocar eleccións de estudantes a membros de Consello de Campus de Ourense e Pontevedra.

Tendo en conta que os candidatos e candidatas só poden ser os claustrais dos campus respectivos, e que en Pontevedra só hai dous estudantes claustrais, só hai posibilidade de que se celebren eleccións no Campus de Ourense no suposto de que houbera máis de 5 candidaturas.

O Regulamento para a elección de membros dos consellos de campus, que aprobou a Comisión Electoral o día 17 de novembro de 2011, establece que é competencia da Comisión Electoral:

- Resolver as reclamacións á proclamación provisoria de candidaturas
- Efectuar a proclamación definitiva de candidatos e candidatas
- Elaborar as papeletas para as eleccións
- Realizar o sorteo da letra pola que se debe comezar a relación de candidatos e candidatas en ditas papeletas
- Resolver as reclamacións á proclamación provisoria de candidatas e candidatos electos
- Facer a proclamación definitiva de candidatas e candidatos electos

Coa finalidade de axilizar os procedementos, solicítase dos membros da Comisión Electoral a aprobación da delegación na Secretaría Xeral das competencias correspondentes aos puntos 1, 2, 3, 4, 5 e 6 da orde do día.

O Sr. Federico Fernández Fernández solicita que neste caso se remita a todos os membros da comisión toda a documentación relativa ás eleccións.

Apróbase por asentimento o formulado nos puntos 1, 2, 3, 4, 5 e 6.

**Punto 7.** Rolda libre de intervencións.

A Sra. María José Ríos Santomé solicita que na redacción das convocatorias da Comisión Electoral se suprima o termo “rógaselle”. Acéptase a petición.


A Secretaría Xeral comunica que debido a un erro asinou no listado de asistencia no lugar correspondente a Dna. Beatriz Vaquero Díaz. O presidente manifesta que no listado se fará constar o erro cunha dilixencia.

**Punto 8.** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria de data 22 de outubro de 2012.

Apróbase por asentimento.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:50 horas do día 22 de outubro de 2012 da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co visto e praxe do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral



Manuel Fernández Iglesias

A secretaria da Comisión Electoral



Mª Inmaculada Valeije Álvarez